



TOMÁS VEGA PATO

Biografía, consultar

«Raigame» nº 1.





O castiñeiro de Pombariños

Unha árbore sen terra (Rozavales-Manzaneda)

Tomás Vega Pato

Debuxos e fotos do autor

Nunha comarca con tanta tradición e arraigamento do cultivo do castiñeiro, como son as terras de Manzaneda, forzosamente tiñan que darse especiais curiosidades en torno a esta árbore que xogou tan importante papel na dieta alimenticia dos seus habitantes, influindo ademais na peculiar tipoloxía dalgúns elementos que compoñen a súa vivenda ou construcións auxiliares, mobiliario, enseres, etc., e aínda nos costumes festivos, ou mesmo no entretemento dos

nenos que atoparon no castiñeiro elementos propicios para liberar a súa creatividade mediante a confección dalgún dos enredos cos que acostumaban xogar¹. Dos abultamentos do tronco do castiñeiro tamén se obtiñan as bolas empregadas no xogo dos bolos propio da parroquia.

Imos a ocuparnos aquí de aspectos do castiñeiro de notoria singularidade, remitíndonos só ó etnográfico e natural, xa que o caso concreto que describiremos

presenta interesantes aspectos xurídicos que non son habituais na nosa investigación e que non dubidamos merecerán a atención doutros especialistas que no futuro se ocupen de ditos aspectos.

Referímonos a un xigantesco castiñeiro de gran antigüidade, habendo que cifrar a idade do mesmo nuns mil anos². Existe no lugar de **Pombariños** moi próximo á aldea de Rozavales na parroquia de San Martiño de Arriba. O acceso ó emprazamento do casti-

1. T. VEGA PATO: "Dos enredos tradicionales de la comarca Navea-Bibeí (Ourense)". Boletín de estudios Seminario FONTAN SARMIENTO, nº 11, Santiago (1990).

2. E. VIEITEZ CORTIZO. "El castaño" Caixa Ourense, Ourense (1996), páx. 35.



Fig. 1
Persoas «abrancando» o castiñeiro de Pombariños
para estimación do seu perímetro.




Fig. 2
Cara Leste do tronco; silueta comparada.

ñeiro faise pola estrada Pobra de Trives –Encomenda– Manzaneda, tendo que percorrer un pequeno treito a pe por bo camiño.

O chamadoiro de **Pombariños** é unha superficie poboada de grandes e fructíferos castiñeiros, situada nunha altitude media duns 700 m.s.n.m., cal cota se empraza no límite superior dunha franxa onde se observa un menor efecto da enfermidade denominada **tinta**. Queda comprendido o devandito topónimo entre o lugar de Rozavales e os sitios de **Chao de Pisco** e **A Espiuca**, limitando tamén co camiño que leva á serra, e que, ascendendo polo penedo Rubio, **Chao de Pexa** e o **Piago** acada a cume da **Cabeza Grande**.

Pero a peculiaridade do castiñeiro non só se basea na súa lonxevidade, ou na súa descomunal corpulencia, a este respecto diremos que o seu perímetro, medido á altura da vista dunha persoa de estatura media, aproxímase ós 14 metros. Para ter unha idea máis gráfica diremos que se precisan dez persoas adultas collidas das mans, cos brazos estendidos para “abranca” todo o seu contorno. A peculiaridade máis sobresaínte consiste no seu réxi-

me de propiedade que é o de **castiñeiro sen terra**. Estriba isto en que os propietarios da árbore, é dicir, os que se benefician da colleita dos “bullores”, produción de madeira, leña, etc., non son os propietarios do terreo no que ten arraigamento e no que, á súa vez, se practica ademais outro cultivo compatible coa recolección das castañas. Sonnos coñecidos outros casos de **castiñeiro sen terra**; na súa maioría secaron a causa da plaga da tinta. Por facer referencia a algún destes mencionaremos en Manzaneda o do **Lameiro da Aira**, o das **Regadas**, o da **Ponte Barxa** e o das **Cruces**.

A orixe dos **castiñeiros sen terra**, segundo as pesquisas realizadas, deriva case sempre das partillas, quedando a terra de labor ou prado en posesión dun herdeiro e o castiñeiro na do outro. A este respecto convén aclarar que non nos é coñecido ningún **castiñeiro sen terra** situado nun souto. Esta circunstancia obvia, polo tanto, a opinión, baseada máis na hipótese que na tradición, de que este singular réxime de propiedade teña outra posible orixe nun préstamo de diñeiro ou especies, deixando a árbore como garantía a

xeito de hipoteca que en caso de incumprimento pasaría á propiedade do prestamista. Non obstante enos coñecida, aínda que nun só caso, outra forma de orixinar-se a posesión do **castiñeiro sen terra**. Nun monte comunal de pastoreo alguén planta para a súa explotación persoal, sen obstáculos polo resto dos veciños, un castiñeiro ou varios; posteriormente outro veciño, tamén sen oposición comunal, “rompe” o mesmo terreo para sementar centeo; este último será quen consolide a propiedade da terra, respetándolle ó primeiro a dos castiñeiros e por conseguinte da súa produción e aproveitamento integral.

En calquera caso o dereito á árbore remata coa súa extinción natural, o que é aceptado e respetado por ámbolos dous propietarios, salvo que se dea determinada circunstancia, derivada dun comportamento natural da árbore o cal aseguraría o dereito á continuidade do mesmo. É sabido que os castiñeiros debido á acción de certos organismos, como poden se-los fungos, larvas de insectos, etc., e cando o tronco ten certa corpulencia e idade, adoita secar interiormente ó descompoñerse, dando lugar ó que



Fig. 3
Cara Oeste, na que se observa un rebento saíndo da caracocha (sinalado con frechas).



Fig. 4
Detalle do rebento
(en recadro) observado
de fronte.

coñecemos por **caracochas**. Cando esto sucede, e posiblemente por necesidades de arraigamento, o castiñeiro bota raíces no interior, das que xurde algún rebento³, ou brote, que cando convén “guíase” para substituír ó castiñeiro matriz ou portador⁴. Este comportamento natural do castiñeiro da lugar á aparición da picaresca, de xeito que cando non se da a presenza do rebento de forma espontánea, recórrese ás veces á introducción subrepticia dun pé, obtido por semente, a xeito de brote dentro da **caracocha**, así, cando este alcance o porte necesario, no caso de extinción do castiñeiro primitivo, e sempre que o fraude non sexa detectado permanecerá o dereito á árbore⁵.

Como remate diremos que o castiñeiro de Pombariños goza de gran popularidade dentro e fora da comarca, sendo costume que os descendentes de emigrados da parroquia nas súas visitas a Galicia veñan a contempla-la árbore cal coñecemento, mitificado, obtiveron por relato dos seus maiores.

Na actualidade e despois da súa cesión polos seus propietarios -familia García Fernández- á Xunta de Galicia, temos noticias de que este organismo proxecta levar a cabo diversas actuacións no contorno, en orde a unha mellor conservación e máis fácil acceso ó castiñeiro, así como á creación dun espazo para ocio e recreo.

Como curiosidade engadida diremos tamén que a produción de froito do castiñeiro, segundo nos comentaron os propietarios anteriores á familia que fixo a cesión, era, nun ano de boa colleita, superior ós corenta ferrados, é dicir uns 700 Kg. Así mesmo algunhas das trabes obtidas do castiñeiro, e que se conservan en edificacións destes antigos propietarios, superan os trece metros de lonxitude. A árbore chegou a ter simultaneamente ata cinco destas grandes pólas, o cal da idea do imponente aspecto que en tempos tivo, moi diferente ó actual, aspecto que previsiblemente non recuperará nunca, xa que distintos factores, dos cales os principais foron o

lume e os efectos dun vendaval, imposibilitaron a permanencia dunha fronde en tales condicións, pois o actual tronco non soportaría semellante carga.

3. No caso que nos ocupa tamén se produciu este fenómeno como pode apreciarse nas fotografías (Fig. 3 e 4).

4. Isto pode acontecer, non só pola morte do castiñeiro matriz senón por outras causas como poden ser: excesiva corpulencia con escasa produción, aproveitamento de madeira, necesidade de leña, etc.

5. Coñecemos un caso concreto que nos foi relatado por un dos fillos do autor, do feito no que foi introducido un falso rebento.




Fig. 5
Introducción dun falso rebento na
caracocha dun castiñeiro.

VOCABULARIO

VERBAS CONTIDAS NO TEXTO

Abrancar	Abarcar, abranguer
Bullote	Xeralmente castaña, aínda que na actualidade o termo aplícase máis á castaña asada no tixolo ou cacho .
Chamadoiro	Topónimo dun conxunto de eidos.
Guiar	Por titor e coidar un rebento, ou planta para que medre dereito e san.
Romper	Traballar, labrar por primeira vez un terreo para o seu cultivo.
Tixolo	Utensilio de ferro con mango e asa, no que se dispoñen rendixas para facilita-lo asado dos bullotes. Tamén se denomina cacho. Pónse ó lume dependurado dunha gramalleira.

OUTRAS VERBAS RELACIONADAS COS CASTIÑEIROS

Abano	Utensilio para, mediante movementos alternos: arriba, abaixo, esquerda e dereita, separa-las castañas secas da muiña . Cóllese por dúas asas laterais e cólgase do pescozo mediante unha corda. Ten forma de media lúa e leva un cerco semellante a un ladreal curvo que diminúe en altura dende o centro cara ós lados.
Banduxo	Abano.
Bolécara	1. Castaña abortada dentro do ourizo, só consta dos tegumentos, sen froito interior. 2. Tributo que a xente da montaña, maiormente os queixalaos tiñan que pagar ós da ribeira (ribeiraos), pola posesión de soutos e sequeiros. Consistía nunha cesta de castañas. Cos cartos obtidos da súa venda celebraban os mozos unha comida coñecida por “conrobla”.
Burgazo	Castaña fresca cocida, para comer con leite.
Caldudas	Comida a xeito de potaxe, feita basicamente con castañas secas cocidas.
Mamota	Castaña asada que quedou blanda, e non libera a casca con facilidade.
Mol	Dise da castaña seca que non alcanzou o grao suficiente de deshidratación, polo que non se garda. Era a ledicia dos rapaces durante a pisa .
Muiña	Tegumentos da castaña unha vez seca; sepáranse por medio do abano , sendo moi apreciados para face-lo braseiro, por arder moi ben.
Picós	Pequenos anacos de castaña seca procedentes da pisa. Destinábanse a comida para os animais.
Pisa	Acción de separa-la muiña das castañas secas. Realizábase mediante golpes, para o que se metían as castañas nun saco que se collía por dous homes polas dúas esquinas do fondo, e erguéndoo cun forte impulso golpeábase contra o pisón reiteradamente. Para colle-lo saco polas esquinas fondeiras metíase unha pataca e logo atábase.
Pison	Especie de talleiro para a pisa. Polo xeral estaba doutado de pés de madeira.
Zaranda	Abano